

MEMORIA DAS ACCIÓNS DE COOPERACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Anos 2012-2013

Logo das interesantes experiencias do proxecto que no ano 2012, liderado pola Universidade de Vigo xunto a ANFACO-CECOPECA, e coordinado polo Prof. Enrique Orche, supuxo a construción dunha piscigranxa para a cría e explotación de troitas na Comunidade Campesíña de Santa Bárbara, Huancavelica, no Perú, conseguíndose, por unha banda, a mellora na capacitación da comercialización e consumo do peixe en condicións hixiénicas e saudables, e por outra, o fortalecemento da capacidade organizativa das mulleres da comunidade, en orde a colaborar eficazmente no autodesenvolvemento sustentable desta área xeográfica, a Universidade de Vigo decidiu presentarse á seguinte convocatoria de axudas a Proxectos de Cooperación da Xunta de Galicia *catro* proxectos de cooperación por un importe total de 511.916€

Un deles foi, o finalmente aprobado, denominado *Fortalecemento da investigación e formación académica en Cabo Verde*, para favorecer un *desenvolvemento mariño sostible*, que obtivo unha subvención de 171.700€ aos seus 291.000€ de importe total. Este proxecto, dirixido por Emilio Fernández Suárez, e executado polo Campus do Mar, coordinou e desenvolveu as seguintes actividades:

- A formación de varios doutores caboverdianos, poñendo así en marcha liñas de investigación e formación aplicadas ás características intrínsecas do país.
- Con esta formación, establecéronse as bases para a creación dun Programa de doutorado en Cabo Verde.
- Reforzáronse as capacidades do persoal docente e investigador en determinadas áreas de coñecemento, a través da realización de cursos especializados.
- Reforzouse tamén a participación e maila asistencia dos docentes e investigadores en foros virtuais e conferencias internacionais con acceso web.
- Fortalecéronse os plans de docencia universitaria relacionados con ámbito costeiro e mariño.
- E xa por último, fortaleceuse tamén a definición e implementación de liñas de investigación concretas e aplicadas ao ámbito costeiro e mariño.

Nesta liña, promoveuse tamén outro proxecto que non foi aceptado, ao non existiren créditos para o mesmo, pero que foi moi ben valorado pola avaliación correspondente: *Desenvolvemento de capacidades dos países do noroeste africano para a xestión das pesquerías baseada no ecosistema. Noroeste África.*

Estes dous proxectos son un fiel reflexo da aposta da Universidade de Vigo por esa especialización á que se fai referencia no *Plan Director da Cooperación Galega para 2014-2017*, na que se combinan sabiamente os ámbitos xeográficos preestablecidos, xunto ás áreas de traballo nas que a Cooperación Galega, e máis concretamente, a Cooperación que é desenvolvida dende Vigo e a súa Universidade, efectúan no campo da Pesca e da Acuicultura.

No ano 2013 non houbo convocatoria da Xunta, a consecuencia da ausencia dos créditos para a mesma.

Anos 2013-2014

Na convocatoria da Xunta para este ano, a Universidade presenta finalmente 3 proxectos, sen obter para ningún deles financiamento:

1. *Impactos e adaptación ao cambio climático en Centroamérica respecto ao sector da pesca e acuicultura a pequena escala, Campus do Mar.*
2. *Mellora da xestión sostible e rendíbel dos recursos e servizos mariños en Cabo Verde a través do desenvolvemento de redes de monitorización do estado ecolóxico do medio costeiro para a súa aplicación á produción pesqueira e á conservación, Campus do Mar.*
3. *Fortalecemento institucional para a creación dun posgrado en ordenamento territorial no Instituto de investigación e posgrado da Facultade de Arquitectura e Urbanismo da Universidade Central de Ecuador.*

Na convocatoria da AECID dese mesmo ano, relativa ás Accións de Cooperación para o Desenvolvemento para a realización de proxectos de innovación para o desenvolvemento, tamén foi presentado un proxecto desta Universidade: *“Producción e aplicación de impermeabilizantes de cubertas elaboradas con materiais reciclados para mellora o hábitat”*.

Actividades Paralelas 2012-2014

- Resulta significativo aportar algúns datos acerca da importante cantidade de programas de mobilidade dos que participa a Universidade de Vigo, que son un antecedente moi a ter en conta de cara a estreitar lazos entre diferentes universidades e grupos de investigación inmersos en actividades moi diversas. Deixar tan só constancia dalgúns deles: os *Erasmus Mundus (Green IT, Green Tech, EuroInka*, aquí cos tres países prioritarios: Ecuador, Bolivia e Perú) e *E-Gov-Tn*); trátase de programas financiados pola Unión Europea, que posibilitan a Cooperación Internacional con países terceiros, constituíndo partenariados que atinguen a tódolos sectores e niveis académicos das súas comunidades universitarias. Este tipo de estancias permiten o contacto entre diferentes

institucións en orde a promover un diálogo mutuo que en moitas ocasións chega a se converter en iniciativas de Cooperación Internacional. A maiores, existen outra serie de redes das que esta Universidade fai parte, tal e como acontece con o *DreamACP* ou o *Mundus ACP*, con países africanos, entre os que están os dous países prioritarios, Mozambique e Cabo Verde, e tamén República Dominicana, así como tamén o programa *ANGLE* cos países de fala portuguesa. Para concluír, existen tamén outras redes das que a Universidade de Vigo forma parte, como o son a *AESOP* cos países do sur de África e tamén o *Impakt-Asia* que fomentan a mobilidade e a cooperación das súas respectivas comunidades, así como a interacción entre o seu persoal docente e investigador.

- Noutro eido da Cooperación, sinalar que a Universidade forma parte do *Consello Municipal de Cooperación Internacional e Solidariedade* (CMCS). Este consello configúrase como un órgano colexiado permanente de participación e punto de encontro entre o Concello de Vigo e as persoas e asociacións sen ánimo de lucro que traballen no ámbito da cooperación internacional e a solidariedade entre os pobos. A Universidade forma parte do mesmo dende o ano da súa constitución, o que lle implica, segundo o seu ordenamento interno, a función de servir de *canle de participación e diálogo* cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para a cooperación internacional e a solidariedade, fomentando o desenvolvemento do asociacionismo das persoas integrantes destes colectivos, e potenciando a coordinación entre as institucións e entidades que actúan neste ámbito. Neste eido, o Consello
 - achega a *Educación para o Desenvolvemento* e o traballo de Cooperación á cidadanía.
 - da formación, xerando coñecemento e debate público sobre modelos de cooperación, recortes e perspectivas de futuro.
 - da incidencia e da Mobilización Social da cidadanía na loita contra a pobreza.
 - do fortalecemento do terceiro sector vigués, a través da formación-difusión do traballo das ONGDs.

Exemplos desta actividade serían:

- Proxecto "*Impórtanos*", (<http://www.importanos.org/>), Campaña de sensibilización que ten como obxectivo promover a reflexión acerca das relacións de interdependencia Norte-Sur e o paradigma de cidadanía global,
 - Exposicións Itinerantes das ONGDs participantes nos centros educativos da cidade
 - Elaboración dun Pacto Local contra a pobreza e máis un manifesto xunto á coordinadora de ONGDs
 - Creación de Axendas Comúns mais un banco compartido de recursos entre ONGDs membros do Consello
 - Subvencionar os proxectos que o *Fondo Galego de Cooperación* ten en Nicaragua e Cabo Verde.
- A maiores da actividade desenvolvida a través do Consello, foi asinado un convenio plurianual marco coa *Fundación Entreculturas-Fe e Alegría*, coa intención de facilitar a labor de *Sensibilización* e mais de Educación Pola Paz dentro da Comunidade Universitaria. Para o caso concreto dos anos 2013 e 2014, a súa actividade principal foi a de desenvolver un obradoiro de formación

anual, a través dunhas Xornadas coñecidas polo título “*Achégate ao Sur*”, cun total de 15 horas lectivas distribuídas en 5 sesións, que buscaron achegar á Comunidade Universitaria unha análise da pobreza e das relacións de desigualdade entre o Norte e o Sur, así como dar a coñecer propostas de cambio e potenciar o encontro intercultural, adquirindo unha visión máis crítica da nosa realidade social. Neste senso, estase a traballar con outras ONGDs coa intención de que inclúan aos nosos tres Campus (Vigo, Ourense e Pontevedra) nos seus circuitos de difusión das súas actividades.

- No ano 2014, xunto ás outras dúas Universidades Galegas, a Universidade de Vigo fai por elaborar un traballo conxunto, seguindo as directrices da Estratexia Galega de Cooperación 2014-2017. Así, constitúese unha *Rede Galega de Cooperación Universitaria para o desenvolvemento* (RGCUD), co obxectivo de fortalecer o papel das universidades galegas no eido da Cooperación ao Desenvolvemento. Con esta idea, desenvólvese unha diagnose máis exhaustiva non xa da situación, se non sobre todo das posibilidades que a Universidade de Vigo pode ofertar neste eido, tanto en canto á investigación, transferencia de información, ou a creación de redes de universidades Norte-Sur, coma ao desenvolvemento conxunto de tecnoloxía, intercambio, boas prácticas, análise de novas convocatorias, ... Polo momento, esta Universidade ten asinado un convenio con Cooperación Galega, e contratou a un técnico especialista para centralizar os esforzos na materia. A maiores, xa foron desenvolvidas actividades específicas de formación, en apoio ás iniciativas de investigación que teñan como fío condutor a cooperación, así como tamén, xunto ás outras dúas universidades, a Universidade de Vigo participa na creación dun portal e dunhas fichas de boas prácticas que permita dar a coñecer todos eses esforzos.
- A *Universidade de Vigo* está inmersa na xestión dun Programa de Voluntariado Europeo coñecido como *Voluntarios en el Mundo*, creado coma unha rede que promove o traballo voluntario a través dunha serie de empresas e institucións que facilitan a chegada dos e das voluntarias a aqueles programas que mellor se axeiten ás súas inquiredanzas, procurando apoialos na loxística básica para desfrutar desta experiencia, así coma colaborando nas propostas de actividades a realizar no país destino nos días libres, ou sexa, ofrecendo asistencia e apoio namentres se realizase esta colaboración. O programa ofrece a posibilidade de traballar en moitos países de Asia, América Latina e África, nos que aparecen unhas pautas básicas sobre os proxectos, así como as tarefas que alí desenvolverían os e as voluntarias.

Vigo, 30 de xaneiro de 2015

O Vicerrector de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Manuel J. Fernández Iglesias